

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN **XERENTE** EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL POR PARTE DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL “COSTA DA MORTE-GDR” (GDR 26) PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA LEADER 2007-2013

En virtude do acordó adoptado pola Xunta Directiva na reunión do 30/03/2009 e de conformidade co Convenio asinado entre AGADER e o GDR26 o día 28 de xaneiro de 2009, e as bases da convocatoria LEADER 2007-20013, convócase o proceso selectivo para a contratación de persoal en réxime laboral de duración determinada (contrato por obra ou servizo), dacordo coas seguintes bases:

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a contratación en réxime de laboral temporal, dunha praza de XERENTE do programa LEADER da Asociación Costa da Morte-GDR (GDR 26).

O réxime de contratación será laboral mediante a modalidade de duración determinada por obra e servizo segundo o artigo 15.1ª do R.D. Lexislativo 1/1995 de 24 de marzo polo que se aproba o Texto refundido do estatuto dos traballadores e a normativa de desenvolvemento do mesmo.

O tipo de contrato será de obra ou servizo determinado, vinculado á xestión dos fondos obtidos en execución do programa Leader 2007-2013.

2. FUNCIONS DO POSTO

As funcións do posto son as seguintes:

- Promover a dinamización territorial e a mobilización social de cara a acadar unha efectiva participación da poboación, para o desenvolvemento de novas iniciativas, es especial as derivadas da aplicación do programa LEADER.
- Dirección, organización, coordinación e supervisión das tarefas encomendadas ao persoal técnico e administrativo adscrito ao programa.
- Coordinación cos técnicos que están traballando no territorio e teñen entre os seus fins o desenvolvemento rural (axentes de desenvolvemento local, técnicos de medio rural, AGADER ...).

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

- Asesorar aos posibles beneficiarios das axudas do programa sobre a adecuación do seu proxecto ás axudas existentes tanto con cargo ao leader como calquera outra aplicable ao proxecto.
- Elaboración de materiais informativos e divulgativos (folletos, mapas, dípticos etc) sobre as axudas do programa e a promoción e o desenvolvemento do territorio.
- Calquera outra que lle sexa encomendada pola Asemblea Xeral, Xunta Directiva ou Presidencia do GDR, así como as inherente ao Programa LEADER que marque a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

3. CARACTERÍSTICAS

As características do posto que se oferta son as seguintes:

Denominación: Xerente

Titulación: Licenciatura universitaria, Enxeñería superior ou título equivalente.

Retribución bruta anual: 34.000 euros brutos anuais distribuídos en 14 pagas.

Duración: Programa Leader de Galicia 2007-2013. Establecese un período de proba de 6 meses.

Xornada: completa de 40 horas semanais

4. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

- 4.1 Ser español ou natural dun estado membro da Unión Europea ou de algún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de de traballadores/as.
- 4.2 Ter cumpridos os 18 anos de idade o día que remate o prazo de presentación de solicitudes, e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- 4.3 Estar en posesión do título de Licenciado universitario, Enxeñería superior ou título equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate a presentación de instancias.
- 4.4 Non desenvolver cargos electos na Asociación Costa da Morte-GDR.
- 4.5 Estar en posesión do permiso de conducir tipo B, e dispoñer de automóbil para facer desprazamentos.
- 4.6 Certificado de perfeccionamento de galego ou celga 4.
- 4.7 Non padecer enfermidade o eiva física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes á praza.

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

4.8 Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administración públicas, nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento das función públicas por sentenza xudicial.

Os requisitos establecidos nos apartados anteriores deberán cumprirse o derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo manterse os mesmos durante todo o proceso selectivo, ata a formalización do contrato de traballo.

5. PROCEDEMENTO DE DIVULGACIÓN

A convocatoria divulgarase no taboleiro de anuncios de todos os concellos socios da Asociación Costa da Morte - GDR.

A oferta anunciarase por medio da prensa en dous xornais dos de maior difusión na provincia da Coruña.

6. SOLICITUDES

6.1 A solicitude consistirá nunha instancia (**que figura como anexo I**) dirixida ao Sr. Presidente da Asociación Costa da Morte-GDR que deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Zas, sito no enderezo: Praza do Campo, nº 1, 15.850, Zas (A Coruña), en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, dentro do prazo de 15 días naturais contados a partires do seguinte ao da publicación da presente convocatoria na prensa.

Tamén se poderán presentar as solicitudes por correo certificado, neste caso o aspirante deberá xustificar o seu envío mediante notificación por escrito ao fax núm: 981 75 11 42, antes das 14 horas do derradeiro día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

6.2 Acompañando á instancia deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do DNI
- b) Fotocopia compulsada do permiso de conducir.
- c) Fotocopia compulsada da titulación mínima esixida.
- d) Curriculum do/a aspirante, donde se relacionen os méritos, acompañado do Anexo II.
- e) Fotocopia compulsada dos méritos alegados.
- f) Informe da vida laboral.
- g) No caso de ter experiencia laboral, fotocopia compulsada dos contratos de traballo ou certificados de empresa.

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

- h) Fotocopia compulsada do Certificado de perfeccionamento de lingua galega ou Celga 4 ou equivalente.
- i) Declaración de non estar incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como compromiso de informar no caso de cambiar estas circunstancias. **(Anexo III)**
- j) Declaración de non desempeño de cargos electos na Asociación Costa da Morte-GDR. **(Anexo III)**
- k) Declaración de que en caso de ser a persoa seleccionada para o posto o desenvolverá con adicación exclusiva. **(Anexo III)**
- l) Declaración de non padecer enfermidade o eiva física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das correspondentes funcións. **(Anexo III)**

A non presentación da anterior documentación motivaría a exclusión do candidato no procedemento de selección.

7. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a **comisión de selección** aprobará no **prazo máximo de 15 días naturais**, a relación provisional de admitidos e excluídos, indicando as causas de exclusión, xunto coa puntuación acadada cos méritos aportados (fase 1ª), de maior a menor puntuación.

Esta listaxe provisional será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Zas e na súa páxina web (www.concellodezas.org)

Disporase dun prazo **de cinco días naturais** contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución, para a presentación das reclamacións pertinentes no Rexistro Xeral do Concello de Zas, que serán resoltas coa publicación da lista definitiva. Xunto coa publicación da lista definitiva publicarase a data, hora e lugar en que se procederá a realización da proba escrita (2ª fase).

8. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión de selección estará constituída por os seguintes membros:

Presidente: D. Manuel Muíño Espasandín, Presidente da Asociación Costa da Morte-GDR.

Vocais:

D. Manuel Soto Pérez, Vicepresidente da Asociación.

D. Ramón Sestayo Lestón, Tesoureiro da Asociación.

D. Manuel Luis Pan Collazo, Vocal da Asociación.

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

Poderá estar presente un representante nomeado por Agader con voz pero sin voto.

Secretaria: Dona Olga Campos Sánchez, secretaria da asociación.

A comisión de selección non poderá constituirse e actuar sin a asistencia, como mínimo da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

A actuación da comisión axustarase estrictamente ás bases da convocatoria. Non obstante, a mesma resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e adoptará os acordos precisos en todo o non previsto nestas bases

9. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos/as aspirantes estará composto polas seguintes fases:

Fase 1ª: Valoración do curriculum do/a candidato/a (máximo 25 puntos)

A valoración do curriculum do candidato non poderá acadar unha puntuación superior a 25 puntos e non terá carácter eliminatorio.

A valoración destes méritos farase dacordo co seguinte baremo:

Experiencia profesional (máximo 15 puntos)

- a. Experiencia en xerencia de programas de desenvolvemento rural: 0,30 por cada mes traballado.
- b. Experiencia como técnico en programas de desenvolvemento rural: 0,20 por cada mes traballado
- c. Experiencia como técnico de desenvolvemento local ou similar: 0,10 por mes traballado.

A experiencia profesional acreditarase cos contratos de traballo ou certificados de empresa xunto co informe da vida laboral.

Formación relacionada co posto:

Pola asistencia ou impartición de masters, cursos, xornadas, congresos realizados por calquera administración pública, universidade, colexio oficial, ou outro organismo ou institución de recoñecido prestixio, que a xuízo da comisión de avaliación estén relacionados coas funcións propias da praza obxecto desta convocatoria:

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

a. Cursos relacionados co desenvolvemento rural e local, xestión empresarial, avaliación de proxectos, viabilidade de empresas ou temas afíns (máximo 8 puntos).

- Por cada curso ata 20 horas: 0,20 puntos
- Por cada curso maior de 20 horas e menor ou igual a 50 horas: 0,50 puntos.
- Por cada curso maior de 50 horas e menor de ou igual a 100 horas: 1 punto.
- Por cada curso maior de 100 horas: 2,50 puntos
- Por cada master ou curso postgrado de especialización en materias relacionadas coas función do posto de traballo, cuxa duración sexa maior de 300 horas: 5 puntos

b. Cursos de informática (máximo 2 puntos):

- Por cada curso ata 20 horas: 0,10 puntos
- Por cada curso maior de 20 horas e menor ou igual a 50 horas: 1 punto
- Por cada curso maior de 50 horas e menor de ou igual a 100 horas: 1,50 puntos
- Por cada curso maior de 100 horas: 2 puntos

Fase 2ª: proba escrita (máximo 50 puntos)

O exercicio consistirá na realización dun cuestionario de 50 preguntas tipo test que versará sobre:

1. Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013.
2. Regulamentos FEADER: Regulamento 1698/2005 e Regulamento 1974/2006.
3. O GDR 26: Programa de desenvolvemento Rural e estatutos da Asociación.
4. O ámbito territorial do GDR26: Poboación, estrutura socio-económica e recursos patrimoniais.
5. A lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

O programa de desenvolvemento rural do GDR26 poderá ser descargado da páxina web do Concello de Zas (www.concellodezas.org)

Por cada pregunta contestada correctamente outorgarase 1 punto, e cada dúas repostas incorrectas restarán unha correcta.

Para poder acceder a 3ª fase do proceso será necesario obter un mínimo de 25 puntos nesta segunda fase.

Fase 3ª: Entrevista persoal (máximo 25 puntos)

Realización dunha entrevista persoal de selección na que se valorará ademais dos contidos, a formación e experiencia profesional, os coñecementos, capacidades, destrezas necesarios para o desenvolvemento do posto de traballo solicitado, actitude

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

e motivación para o mesmo, capacidade de transmisión e/ou comunicación verbal, e o coñecemento do territorio.

Todos aqueles aspirantes con un grado de minusvalía igual ou superior ao 33% comezarán esta fase cunha puntuación de partida de 2,5 puntos.

A puntuación máxima nesta fase será de 25 puntos, quedando eliminados aquelas persoas que non acaden un mínimo de 12,5 puntos.

O número de puntos que poderá otorgar cada membro da comisión de valoración será de 0 a 25. A calificación final do exercicio será a suma de todas as calificacións outorgadas polos membros da comisión de valoración, dividida polo número de membros que teñan puntuado. Se se producirá unha variación de 7 ou máis puntos nas calificacións outorgadas polos membros da comisión de avaliación, elimínaríanse as puntuacións maior e menor, obténdose entón o cociente por dous membros menos.

10. LISTA FINAL DE CANDIDATOS

Finalizada a calificación dos/as aspirantes a comisión de selección publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación obtida no taboleiro de anuncios do Concello de Zas e na súa páxina web (**www.concellodezas.org**), coa indicación expresa do candidato/a seleccionado/a.

Co resto dos participantes que teñan superado todas as fases, elaborárase unha lista de agarda, a que se acudirá no caso de quedar vacante o posto por renuncia, baixa voluntaria, baixa por enfermidade, ausencia, suspensión legal do correspondente contrato ou outras causas.

11.XORNADA DE TRABALLO

A xornada de traballo será de 40 horas semanais en horario de mañán e tarde.

Deberá ter dedicación exclusiva e dispoñibilidade horaria para a asistencia a reunións cos diferentes colectivos, axentes sociais e órganos da Asociación, que requira o axeitado desenvolvemento dos seus obxectivos.

12. FORMALIZACIÓN CONTRACTUAL

Por orde do Sr. Presidente, elevarase a definitiva a proposta da Comisión de selección do aspirante coa mellor puntuación.

Notificada a resolución de nomeamento, o interesado deberá comparecer para suscribir o contrato correspondente e comezará a prestar o seu servizo no día que se lle indique.

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

DILIXENCIA: Póñoa eu, a Secretaria, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas pola Xunta Directiva, de data 30 de marzo de 2009.

En Vimianzo, a 30 de marzo de 2009

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN **TECNICO/A** EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL POR PARTE DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL “COSTA DA MORTE-GDR” (GDR 26) PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA LEADER 2007-2013

En virtude do acordó adoptado pola Xunta Directiva na reunión do 30/03/09, e de conformidade co Convenio asinado entre AGADER e o GDR26 o día 28 de xaneiro de 2009, e as bases da convocatoria LEADER 2007-20013, convócase o proceso selectivo para a contratación de persoal en réxime laboral de duración determinada (contrato por obra ou servizo), dacordo coas seguintes bases:

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a contratación en réxime de laboral temporal, dunha praza de **TECNICO/A** do programa LEADER da Asociación Costa da Morte-GDR (GDR 26).

O réxime de contratación será laboral mediante a modalidade de duración determinada por obra e servizo segundo o artigo 15.1ª do R.D. Legislativo 1/1995 de 24 de marzo polo que se aproba o Texto refundido do estatuto dos traballadores e a normativa de desenvolvemento do mesmo.

O tipo de contrato será de obra ou servizo determinado, vinculado á xestión dos fondos obtidos en execución do programa Leader 2007-2013.

2. FUNCÍONS DO POSTO

As funcións do posto son as seguintes:

- Colaboración coa xerencia para promover a dinamización territorial e a mobilización social de cara a acadar unha efectiva participación da poboación, para o desenvolvemento de novas iniciativas, es especial as derivadas da aplicación do programa LEADER.
- Apoio técnico para a selección dos proxectos e acompañamento dos promotores na evolución e implantación do proxecto empresarial dentro do Programa Leader.
- Realización de estudos de mercado, plans de viabilidade das iniciativas vinculadas ao Programa LEADER.

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

- Elaboración de materiais informativos e divulgativos(folletos, mapas, dípticos etc) sobre as axudas do programa e a promoción e o desenvolvemento do territorio en colaboración coa xerencia.
- Calquera outra que lle sexa encomendada pola Asemblea Xeral, Xunta Directiva, Presidencia do GDR ou polo Xerente.

3. CARACTERISTICAS

As características do posto que se oferta son as seguintes:

Denominación:	Técnico/a
Titulación:	Diplomatura universitaria, Enxeñería técnica ou título equivalente.
Retribución bruta anual:	26.000 euros brutos anuais distribuídos en 14 pagas.
Duración:	Programa Leader de Galicia 2007-2013. Establecese un período de proba de 6 meses.
Xornada:	completa de 40 horas semanais

4. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

4.1 Ser español ou natural dun estado membro da Unión Europea ou de algún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de de traballadores/as.

4.2 Ter cumpridos os 18 anos de idade o día que remate o prazo de presentación de solicitudes, e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

4.3 Estar en posesión do título de Diplomado/a universitario/a, Enxeñería técnica ou título equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate a presentación de instancias.

4.4 Non desenvolver cargos electos na Asociación Costa da Morte-GDR.

4.5 Estar en posesión do permiso de conducir tipo B, e dispoñer de automóbil para facer desprazamentos.

4.6 Certificado de perfeccionamento de galego ou celga 4.

4.7 Non padecer enfermidade o eiva física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes á praza.

4.8 Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administración públicas, nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento das función públicas por sentenza xudicial.

Os requisitos establecidos nos apartados anteriores deberán cumprirse o derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo manterse os mesmos durante todo o proceso selectivo, ata a formalización do contrato de traballo.

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

5. PROCEDEMENTO DE DIVULGACIÓN

A convocatoria divulgarase no taboleiro de anuncios de todos os concellos socios da Asociación Costa da Morte - GDR.

A oferta anunciarase por medio da prensa en dous xornais dos de maior difusión na provincia da Coruña.

6. SOLICITUDES

6.1 A solicitude consistirá nunha instancia (**que figura como anexo I**) dirixida ao Sr. Presidente da Asociación Costa da Morte-GDR que deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Zas, sito no enderezo: Praza do Campo, nº 1, 15.850, Zas (A Coruña), en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, dentro do prazo de 15 días naturais contados a partires do seguinte ao da publicación da presente convocatoria na prensa.

Tamén se poderán presentar as solicitudes por correo certificado, neste caso o aspirante deberá xustificar o seu envío mediante notificación por escrito ao fax núm: 981 75 11 42, antes das 14 horas do derradeiro día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

6.2 Acompañando á instancia deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do DNI
- b) Fotocopia compulsada do permiso de conducir.
- c) Fotocopia compulsada da titulación mínima esixida.
- d) Curriculum do/a aspirante, donde se relacionen os méritos, acompañado do **Anexo II**.
- e) Fotocopia compulsada dos méritos alegados.
- f) Informe da vida laboral.
- g) No caso de ter experiencia laboral, fotocopia compulsada dos contratos de traballo ou certificados de empresa.
- h) Fotocopia compulsada do Certificado de perfeccionamento de lingua galega ou Celga 4 ou equivalente.
- i) Declaración de non estar incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como compromiso de informar no caso de cambiar estas circunstancias. (**Anexo III**)
- j) Declaración de non desempeño de cargos electos na Asociación Costa da Morte-GDR. (**Anexo III**)

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

k) Declaración de que en caso de ser a persoa seleccionada para o posto o desenvolverá con adicación exclusiva. **(Anexo III)**

l) Declaración de non padecer enfermidade o eiva física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das correspondentes funcións. **(Anexo III)**

A non presentación da anterior documentación motivaría a exclusión do candidato no procedemento de selección.

7. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión de selección aprobará no prazo máximo de 15 días naturais, a relación provisional de admitidos e excluídos, indicando as causas de exclusión, xunto coa puntuación acadada cos méritos aportados (fase 1ª), de maior a menor puntuación.

Esta listaxe provisional será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Zas e na súa páxina web.

Disporase dun prazo de cinco días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución, para a presentación das reclamacións pertinentes no Rexistro Xeral do Concello de Zas, que serán resoltas coa publicación da lista definitiva. Xunto coa publicación da lista definitiva publicarase a composición do tribunal e a data, hora e lugar en que se procederá a realización da proba escrita (2ª fase).

Xunto coa publicación da lista definitiva publicarase a data, hora e lugar en que se procederá a realización da proba escrita (2ª fase).

8. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión de selección estará constituída por os seguintes membros:

Presidente: D. Manuel Muíño Espasandín, Presidente da Asociación Costa da Morte-GDR.

Vocais:

D. Manuel Soto Pérez, Vicepresidente da Asociación.

D. Ramón Sestayo Lestón, Tesoureiro da Asociación.

D. Manuel Luis Pan Collazo, Vocal da Asociación.

Poderá estar presente un representante nomeado por Agader con voz pero sin voto.

Secretaria: Dona Olga Campos Sánchez, secretaria da asociación.

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

A comisión de selección non poderá constituirse e actuar sin a asistencia, como mínimo da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

A actuación da comisión axustarase estrictamente ás bases da convocatoria. Non obstante, a mesma resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e adoptará os acordos precisos en todo o non previsto nestas bases

9. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos/as aspirantes estará composto polas seguintes fases:

Fase 1ª: Valoración do curriculum do/a candidato/a (máximo 25 puntos)

A valoración do curriculum do candidato non poderá acadar unha puntuación superior a 25 puntos e non terá carácter eliminatorio.

A valoración destes méritos farase dacordo co seguinte baremo:

Experiencia profesional (máximo 15 puntos)

- a. Experiencia como xerente ou técnico/a en programas de desenvolvemento rural: 0,30 por cada mes traballado.
- b. Experiencia como técnico de desenvolvemento local ou similar: 0,20 por mes traballado.

A experiencia profesional acreditarase cos contratos de traballo ou certificados de empresa xunto co informe da vida laboral.

Formación relacionada co posto:

Pola asistencia ou impartición de masters, cursos, xornadas, congresos realizados por calquera administración pública, universidade, colexio oficial, ou outro organismo ou institución de recoñecido prestixio, que a xuízo da comisión de avaliación estén relacionados coas funcións propias da praza obxecto desta convocatoria:

a. Cursos relacionados coa xestión empresarial, contabilidade, avaliación de proxectos, viabilidade de empresas ou temas afíns (máximo 8 puntos).

- Por cada curso ata 20 horas: 0,20 puntos
- Por cada curso maior de 20 horas e menor ou igual a 50 horas: 0,50 puntos.
- Por cada curso maior de 50 horas e menor de ou igual a 100 horas: 1 punto.

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

- Por cada curso maior de 100 horas: 2,50 puntos
- Por cada master ou curso postgrado de especialización en materias relacionadas coas función do posto de traballo, cuxa duración sexa maior de 300 horas: 5 puntos

b. Cursos de informática (máximo 2 puntos):

- Por cada curso ata 20 horas: 0,10 puntos
- Por cada curso maior de 20 horas e menor ou igual a 50 horas: 1 punto
- Por cada curso maior de 50 horas e menor de ou igual a 100 horas: 1,50 puntos
- Por cada curso maior de 100 horas: 2 puntos

Fase 2ª: proba escrita (máximo 50 puntos)

O exercicio consistirá na realización dun cuestionario de 50 preguntas tipo test que versará sobre:

1. Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013: O programa LEADER.
2. Regulamentos FEADER: Regulamento 1698/2005 e Regulamento 1974/2006.
3. O GDR 26: Programa de desenvolvemento Rural e estatutos da Asociación.
4. O ámbito territorial do GDR26: Poboación, estrutura socio-económica e recursos patrimoniais.
5. A lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

O programa de desenvolvemento rural do GDR26 poderá ser descargado da páxina web do Concello de Zas (www.concellodezas.org)

Por cada pregunta contestada correctamente outorgarase 1 punto, e cada dúas repostas incorrectas restarán unha correcta.

Para poder acceder a 3ª fase do proceso será necesario obter un mínimo de 25 puntos nesta segunda fase.

Fase 3ª: Entrevista persoal (máximo 25 puntos)

Realización dunha entrevista persoal de selección na que se valorará ademais dos contidos, a formación e experiencia profesional, os coñecementos, capacidades, destrezas necesarios para o desenvolvemento do posto de traballo solicitado, actitude e motivación para o mesmo, capacidade de transmisión e/ou comunicación verbal, e o coñecemento do territorio.

Todos aqueles aspirantes con un grado de minusvalía igual ou superior ao 33% comezarán esta fase cunha puntuación de partida de 2,5 puntos.

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

A puntuación máxima nesta fase será de 25 puntos, quedando eliminados aquelas persoas que non acaden un mínimo de 12,5 puntos.

O número de puntos que poderá otorgar cada membro da comisión de valoración será de 0 a 25. A calificación final do exercicio será a suma de todas as calificacións outorgadas polos membros da comisión de valoración, dividida polo número de membros que teñan puntuado. Se se producirá unha variación de 7 ou máis puntos nas calificacións outorgadas polos membros da comisión de avaliación, elimínaranse as puntuacións maior e menor, obténdose entón o cociente por dous membros menos.

10. LISTA FINAL DE CANDIDATOS

Finalizada a calificación dos/as aspirantes a comisión de selección publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación obtida no taboleiro de anuncios do Concello de Zas e na súa páxina web (www.concellodezas.org), coa indicación expresa do candidato/a seleccionado/a.

Co resto dos participantes que teñan superado todas as fases, elaborárase unha lista de agarda, a que se acudirá no caso de quedar vacante o posto por renuncia, baixa voluntaria, baixa por enfermidade, ausencia, suspensión legal do correspondente contrato ou outras causas.

11.XORNADA DE TRABALLO

A xornada de traballo será de 40 horas semanas en horario de mañán e tarde.

Deberá ter dedicación exclusiva e disponibilidad horaria para a asistencia a reunións cos diferentes colectivos, axentes sociais e órganos da Asociación, cando lle sexa requirido pola xerencia ou polos cargos directivos da Asociación.

12. FORMALIZACIÓN CONTRACTUAL

Por orde do Sr. Presidente, elevarase a definitiva a proposta da Comisión de selección do aspirante coa mellor puntuación.

Notificada a resolución de nomeamento, o interesado deberá comparecer para suscribir o contrato correspondente e comezará a prestar o seu servizo no día que se lle indique.

DILIXENCIA: Póñoa eu, a Secretaria, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas pola Xunta Directiva, de data 30 de marzo de 2009.

En Vimianzo, 30 de marzo de 2009

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN **ADMINISTRATIVO/A** EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL POR PARTE DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL "COSTA DA MORTE-GDR" (GDR 26) PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA LEADER 2007-2013

En virtude do acordó adoptado pola Xunta Directiva na reunión do 30/03/2009, e de conformidade co Convenio asinado entre AGADER e o GDR26 o día 28 de xaneiro de 2009, e as bases da convocatoria LEADER 2007-20013, convócase o proceso selectivo para a contratación de persoal en réxime laboral de duración determinada (contrato por obra ou servizo), dacordo coas seguintes bases:

1.OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a contratación en réxime de laboral temporal, dunha praza de ADMINISTRATIVO/A do programa LEADER da Asociación Costa da Morte-GDR (GDR 26).

O réxime de contratación será laboral mediante a modalidade de duración determinada por obra e servizo segundo o artigo 15.1ª do R.D. Legislativo 1/1995 de 24 de marzo polo que se aproba o Texto refundido do estatuto dos traballadores e a normativa de desenvolvemento do mesmo.

O tipo de contrato será de obra ou servizo determinado, vinculado á xestión dos fondos obtidos en execución do programa Leader 2007-2013.

2. CARACTERISTICAS

As características do posto que se oferta son as seguintes:

Denominación:	Administrativo/a
Titulación:	FP II Administativo ou titulación equivalente
Retribución bruta anual:	18.000 euros brutos anuais distribuídos en 14 pagas.
Duración:	Programa Leader de Galicia 2007-2013. Establecese un período de proba de 6 meses.
Xornada:	completa de 40 horas semanais

3. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

3.1 Ser español ou natural dun estado membro da Unión Europea ou de algún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de de traballadores/as.

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

- 3.2 Ter cumpridos os 18 anos de idade o día que remate o prazo de presentación de solicitudes, e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- 3.3 Estar en posesión do título correspondente a Formación Profesional de Grado Superior da Rama de Administración ou título equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate a presentación de instancias.
- 3.4 Non desenvolver cargos electos na Asociación Costa da Morte-GDR.
- 3.5 Certificado de perfeccionamento de galego ou celga 4.
- 3.6 Non padecer enfermidade o eiva física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes á praza.
- 3.7 Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administración públicas, nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento das funcións públicas por sentenza xudicial.

Os requisitos establecidos nos apartados anteriores deberán cumprirse o derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo manterse os mesmos durante todo o proceso selectivo, ata a formalización do contrato de traballo.

4. PROCEDEMENTO DE DIVULGACIÓN

A convocatoria divulgarase no taboleiro de anuncios de todos os concellos socios da Asociación Costa da Morte - GDR.

A oferta anunciarase por medio da prensa en dous xornais dos de maior difusión na provincia da Coruña.

5. SOLICITUDES

5.1 A solicitude consistirá nunha instancia (**que figura como anexo I**) dirixida ao Sr. Presidente da Asociación Costa da Morte-GDR que deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Zas, sito no enderezo: Praza do Campo, nº 1, 15.850, Zas (A Coruña), en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, dentro do prazo de 15 días naturais contados a partires do seguinte ao da publicación da presente convocatoria na prensa.

Tamén se poderán presentar as solicitudes por correo certificado, neste caso o aspirante deberá xustificar o seu envío mediante notificación por escrito ao fax núm: 981 75 11 42, antes das 14 horas do derradeiro día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

5.2 Acompañando á instancia deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do DNI

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

- b) Fotocopia compulsada do permiso de conducir.
- c) Fotocopia compulsada da titulación mínima esixida.
- d)** Curriculum do/a aspirante, donde se relacionen os méritos, acompañado do **Anexo II**.
- e) Fotocopia compulsada dos méritos alegados.
- f) Informe da vida laboral.
- g) No caso de ter experiencia laboral, fotocopia compulsada dos contratos de traballo ou certificados de empresa.
- h) Fotocopia compulsada do Certificado de perfeccionamento de lingua galega ou Celga 4 ou equivalente.
- i) Declaración de non estar incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como compromiso de informar no caso de cambiar estas circunstancias. **(Anexo III)**
- j) Declaración de non desempeño de cargos electos na Asociación Costa da Morte-GDR. **(Anexo III)**
- k)** Declaración de que en caso de ser a persoa seleccionada para o posto o desenvolverá con adicación exclusiva. **(Anexo III)**
- l)** Declaración de non padecer enfermidade o eiva física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das correspondentes funcións. **(Anexo III)**

A non presentación da anterior documentación motivaría a exclusión do procedemento de selección.

6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a **comisión de selección** aprobará no **prazo máximo de 15 días naturais**, a relación provisional de admitidos e excluídos, indicando as causas de exclusión, xunto coa puntuación acadada cos méritos aportados (fase 1ª), de maior a menor puntuación.

Esta listaxe provisional será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Zas e na súa páxina web (www.concellodezas.org). Disporase dun prazo **de cinco días naturais** contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución, para a presentación das reclamacións pertinentes no Rexistro Xeral do Concello de Zas, que serán resoltas coa publicación da lista definitiva. Xunto coa publicación da lista definitiva publicarase a data, hora e lugar en que se procederá a realización da proba escrita (2ª fase).

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

7. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión de selección estará constituída por os seguintes membros:

Presidente: D. Manuel Muíño Espasandín, Presidente da Asociación Costa da Morte-GDR.

Vocais:

D. Manuel Soto Pérez, Vicepresidente da Asociación.

D. Ramón Sestayo Lestón, Tesoureiro da Asociación.

D. Manuel Luis Pan Collazo, Vocal da Asociación.

Poderá estar presente un representante nomeado por Agader con voz pero sin voto.

Secretaria: Dna. Olga Campos Sánchez, secretaria da asociación.

A comisión de selección non poderá constituirse e actuar sin a asistencia, como mínimo da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

A actuación da comisión axustarase estritamente ás bases da convocatoria. Non obstante, a mesma resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e adoptará os acordos precisos en todo o non previsto nestas bases

8. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos/as aspirantes estará composto polas seguintes fases:

Fase 1ª: Valoración do curriculum do/a candidato/a (máximo 25 puntos)

A valoración do curriculum do candidato non poderá acadar unha puntuación superior a 25 puntos e non terá carácter eliminatorio.

A valoración destes méritos farase dacordo co seguinte baremo:

Experiencia profesional (máximo 15 puntos)

- a. experiencia como administrativo/a programas de desenvolvemento rural: 0,30 por cada mes traballado.
- b. Experiencia como administrativo/a en administracións públicas ou empresas en temas relacionados co posto de traballo: 0,20 por mes traballado.

A experiencia profesional acreditarase cos contratos de traballo ou certificados de empresa xunto co informe da vida laboral.

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

Formación relacionada co posto:

Pola asistencia ou impartición de cursos, xornadas, congresos realizados por calquera administración pública, universidade ou colexio oficial, ou outro organismo ou institución de recoñecido prestixio, que a xuízo da comisión de avaliación estén relacionados coas función propias da praza obxecto desta convocatoria:

a) Cursos relacionados co desenvolvemento rural e local, xestión administrativa, contabilidade, nóminas (máximo 5 puntos).

- Por cada curso ata 20 horas: 0,20 puntos
- Por cada curso maior de 20 horas e menor ou igual a 50 horas: 0,50 puntos.
- Por cada curso maior de 50 horas e menor de ou igual a 100 horas: 1 punto.
- Por cada curso maior de 100 horas: 2,50 puntos

b) Cursos de informática (máximo 5 puntos):

- Por cada curso ata 20 horas: 0,10 puntos
- Por cada curso maior de 20 horas e menor ou igual a 50 horas: 1 punto
- Por cada curso maior de 50 horas e menor de ou igual a 100 horas: 1,50 puntos
- Por cada curso maior de 100 horas: 2 puntos

Fase 2ª: proba escrita (máximo 50 puntos)

O exercicio consistirá na realización dun cuestionario de 50 preguntas tipo test que versará sobre:

1. O GDR 26: Programa de desenvolvemento rural.
2. As retribucións do persoal: Nóminas.
3. Informática: Procesador de textos: Word, Folla de cálculo: Excel, Bases de datos: Access, Presentacións electrónicas: PowerPoint e Internet básica.

O programa de desenvolvemento rural do GDR26 poderá ser descargado da páxina web do Concello de Zas (www.concellodezas.org)

Por cada pregunta contestada correctamente outorgarase 1 punto, e cada dúas repostas incorrectas restarán unha correcta.

Para poder acceder a 3ª fase do proceso será necesario obter un mínimo de 25 puntos nesta segunda fase.

Fase 3ª: Entrevista persoal (máximo 25 puntos)

Realización dunha entrevista persoal de selección na que se valorará ademais dos contidos, a formación e experiencia profesional, os coñecementos, capacidades, destrezas necesarios para o desenvolvemento do posto de traballo solicitado, actitude e motivación para o mesmo, capacidade de transmisión e/ou comunicación verbal.

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

A puntuación máxima nesta fase será de 25 puntos, quedando eliminados aquelas persoas que non acaden un mínimo de 12,5 puntos.

O número de puntos que poderá otorgar cada membro da comisión de valoración será de 0 a 25. A calificación final do exercicio será a suma de todas as calificacións outorgadas polos membros da comisión de valoración, dividida polo número de membros que teñan puntuado. Se se producirá unha variación de 7 ou máis puntos nas calificacións outorgadas polos membros da comisión de avaliación, elimínaranse as puntuacións maior e menor, obténdose entón o cociente por dous membros menos.

10. LISTA FINAL DE CANDIDATOS

Finalizada a calificación dos/as aspirantes a comisión de selección publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación obtida no taboleiro de anuncios do Concello de Zas e na súa páxina web (www.concellodezas.org), coa indicación expresa do candidato/a seleccionado/a.

Co resto dos participantes que teñan superado todas as fases, elaborárase unha lista de agarda, a que se acudirá no caso de quedar vacante o posto por renuncia, baixa voluntaria, baixa por enfermidade, ausencia, suspensión legal do correspondente contrato ou outras causas.

11.XORNADA DE TRABALLO

A xornada de traballo será de 40 horas semanas en horario de mañán e tarde. Deberá ter dedicación exclusiva.

12. FORMALIZACIÓN CONTRACTUAL

Por orde do Sr. Presidente, elevarase a definitiva a proposta da Comisión de selección do aspirante coa mellor puntuación.

Notificada a resolución de nomeamento, o interesado deberá comparecer para suscribir o contrato correspondente e comezará a prestar o seu servizo no día que se lle indique.

DILIXENCIA: Póñoa eu, a Secretaria, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas pola Xunta Directiva, de data 30 de marzo de 2009.

En Vimianzo, a 30 de marzo de 2009

**ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013**

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL DA
ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE – GDR**

D./Dna.....

NIF:Data de nacemento:.....

Enderezo:.....

C.P.: Concello:.....

Provincia.....Teléfono:.....

Correo-e:.....

SOLICITA:

Participar no proceso de selección de persoal, aceptando as súas bases, para o posto de:

Xerente

Técnico/a

Administrativo/a

En, ade.....de 2009

Sinatura do solicitante

Asdo:.....

SR. PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

ANEXO II: VALORACIÓN DE MÉRITOS

D./Dna.con NIF:
comprométese a que todo o que se reflicta neste anexo II en calidade de méritos é certo e acreditable documentalmente.

EXPERIENCIA PROFESIONAL				
<i>Entidade</i>	<i>Función</i>	<i>% Xornada Completa</i>	<i>Meses</i>	<i>Puntos</i>
TOTAL:				

FORMACIÓN RELACIONADA CO POSTO			
<i>Nome do curso</i>	<i>Entidade Organizadora</i>	<i>Horas</i>	<i>Puntos</i>
TOTAL:			

ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013

CURSOS DE INFORMÁTICA			
<i>Nome do curso</i>	<i>Entidade Organizadora</i>	<i>Horas</i>	<i>Puntos</i>
TOTAL			

En, a de de 2009

Sinatura do solicitante

Asdo:

SR. PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR

*ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR
PROGRAMA LEADER 2007-2013*

ANEXO III: MODELO DE DECLARACIÓN

D./Dna.....

NIF:Data de nacemento:.....

Enderezo:.....

C.P.: Concello:.....

Provincia.....Teléfono:.....

Correo-e:.....

DECLARO:

- Non estar incurso nas causas de incompatibilidades aplicables ao persoal ao servizo da CCAA de Galicia.
- Que non desempeñe cargos electos na Asociación Costa da Morte- GDR.
- Que no caso de ser seleccionado para o posto o desenvolverei con adicación exclusiva.
- Non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións do posto de traballo.

Enade.....de 2009

Sinatura do solicitante

SR. PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE-GDR